



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Seminario: Como desenvolver unha estratexia convincente para conseguir fondos da UE: Que deben ou non deben facer os actores locais e rexionais?

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Históricos EGAP

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	17
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2009
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	DIVULGACIÓN	EDICIÓNS:	1

RESPONSABLE: []

2. DESCRICIÓNS

DESCRINCIÓN CURSO

As axudas e programas da UE son, a través do principio de (co-) financiamento, unha gran fonte de recursos para os municipios e rexións europeos. Cóntanse por centenaes as axudas que a UE pon ao dispor dos actores rexionais e locais.

Neste sentido, o baúl dos fondos é grande, con espazo para os renovados instrumentos da política de cohesión (FEDER, FSE, FC), cun orzamento de máis de 308.000 MEUR (moi superior ao do período anterior); os do VII Programa Marco (53.000 MEUR); ou os doutras iniciativas quizais menos coñecidas ou novas como os programas ENPI, CIP, LIFE, ou moi específicas, como os novos instrumentos JASPERS, JEREMIE e JESSICA, que inclúen financiamento por institucións financeiras internacionais (ex. Banco Europeo de Investimento), ademais de moitos outros.

Sen dúbida o abanico é grande, ademais non esquezamos que existen elementos transversais, como é o caso da Estratexia para o crecemento e o emprego (a “Estratexia de Lisboa renovada”). Esta estratexia que se revisará baixo a presidencia Española o ano que vén condiciona o acceso ás axudas xa que, de fronte ao período 2007-2013, os seus obxectivos deben verse reflectidos (“ earmarking”/afectación) nas propostas que pretendan obter fondos da UE.

Por todo iso, desde o valor dos fondos ata o cambio de escenario que representa o período de programación 2007-2013, os actores locais e rexionais deben estar moi ben preparados para a ocasión. Cada programa ou iniciativa ten os seus propios obxectivos ou peculiaridades, pero no que se refire ás “regras básicas do xogo” (i.e. presentación da proposta ou ofertas, xestión do ciclo do proxecto, principios de visibilidade e facturación, etc.), os elementos converxen e poden ilustrarse baixo un patrón harmonizado.

Método de traballo e temas específicos tratados:

Utilizando varios métodos de traballo (p.ex. relatorios e presentacións, incluíndo exemplos concretos, debates e exercicios interactivos en grupos sobre a preparación de casos reais que serán presentados a un panel de avaliación), este seminario tratará varios temas e proverá aos participantes de consultas e técnicas prácticas, así como intercambio de experiencias para que lles sexa posible entregar unha proposta convincente, establecer socios e estratexias locais e rexionais sostibles e aliñalas sobre os obxectivos de Lisboa, crear capacidades e comunicar os resultados, e de aquí desenvolver proxectos con valor engadido para o seu territorio. Desta maneira permitirá pois aos participantes locais e rexionais de Galicia coñecer en pouco tempo os máis relevantes principios e regras directrices a seguir cando un ten que preparar unha oferta para obter fondos da UE e incrementar a súa capacidade de absorción.

DESTINATARIOS

Persoal designado polas secretarías xerais das consellerías que desempeñe traballo relacionado co tema do seminario.

PROGRAMA

Luns, 30 de novembro de 2009

09.30 h Inauguración do seminario

N. N. (EGAP, representante da Xunta de Galicia)

09.45 h Introducción do programa, obxectivos e metodoloxía

Alexander Heichlinger

I. Escenario: A estratexia de Lisboa

como marco global para o período 2007-2013

10.00 h O papel dos actores locais e rexionais para ofrecer crecemento sostible e mellores empregos: a súa relevancia, prioridades os seus fondos

Alexander Heichlinger

11.00 h Pausa-café

II. O marco dun proxecto: Prerrequisitos e pasos ex-ante

11.30 h O marco financeiro 2007-2013: programas e fondos da UE.

Federica Santuccio

13.00 h Regras básicas, definicións e terminoloxías dos proxectos da UE: Convocatoria de propostas, aviso de licitación e de contrato, procedemento e criterios de selección, etc.

Albert Sorrosal

14.00 h. Comida libre

15.45 h Regras e mecanismos financeiros: facturación, revisión, auditoría, etc.

Albert Sorrosal

III. Desenvolvemento ascendente para escenarios dun proxecto rexional/local

16.30 h O funcionamento das asociacións internacionais rexionais/locais: Como participar neste proceso: Atopar un socio, crear un consorcio, acordos de asociación, metodoloxía, etc. – factores de éxito críticos

Alexander Heichlinger

17.30 h Q & amp; amp; amp; amp; amp; A 17.45 h

Fin do primeiro día

Martes, 1 de decembro de 2009

09.00 h Programación e cooperación nos territorios rurais: o método Leader

Federica Santuccio

IV. O "manual" da xestión do proxecto,
unha vez que este fose adxudicado

10.00 h Ferramentas prácticas de xestión do ciclo do proxecto / Enfoque de marco lóxico: ferramentas analíticas e de planificación para a implementación do proxecto

Kontxi Odriozola Eizagirre

11.30 h Pausa-café

V. Boas ferramentas de soporte para
a dirección adecuada do proxecto

12.00 h Ferramentas de avaliación e procesos para a selección do proxecto (ex-ante) e medir o seu nivel de eficacia (medio prazo e ex-post)

Alexander Heichlinger

12.45 h Fomentar os proxectos da UE (resultados) na rexión – medidas de visibilidade e como diseminar eficazmente o proxecto (os seus resultados) no territorio

Juan Manuel Revolta (pendente confirmación)

VI. Da teoría á práctica: Un exemplo real

13.45 h Taller: Introducción e división dos participantes en grupos de traballo

Conducido por Gian-Luca Bombarda

14.00 h Comida libre

16.00 h Taller: Discusión en grupos dunha idea de proxecto e desenvolvemento desa mesma idea nunha petición de financiamento á UE (os varios expertos darán instrucións e consellos; portátiles estarán ao dispor dos participantes)

18.30 h Fin do segundo día (os grupos poden permanecer máis tempo se o desexan)

Mércores, 2 de decembro de 2009

09.30 h Panel final: Presentación dos resultados do taller por grupos (por un portavoz asignado) e simulación dun panel de avaliación europeo (p.ex. análise e revisión por 3 avaliadores de 3 países da UE)

Gian-Luca Bombarda (IT), Alexander Heichlinger (AT) & amp; amp; amp; amp; amp; Xavier Tiana (É)

11.00 h Pausa-café

11.30 h Continuación

13.30 h Clausura

N. N. (EGAP, representante da Xunta de Galicia)

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Designación de asistentes polas secretarías xerais das consellerías.

3. DATOS EDICIÓNS

EUROPA

LOCALIDADE: SANTIAGO DE COMPOSTELA

INICIO / FIN: 30/11/2009 a 02/12/2009

NUM. PRAZAS: 40

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE